

Leo con ollos novos o significado que ten este premio. Indago na simboloxía que agocha esta navalla e atópome verbas que me agradan: fraternidade, irmandade, familia. Leo a comuñón tribal que reflicte, a súa capacidade para converter en ofrenda un bocado de pan. Leo para depois facer memoria, e non atino a lembrar ningún recoñecemento tan axeitado para o Suso como o que representa esta navalla de Manuel María. Seica algúns galardóns exceden a esfera da gratitude para cumprir unha función poética, de xustiza astral: un aparello austero para un home sinxelo, un gume limpo para un compañeiro honesto, un arma branca para un loitador íntegro.

Coñecer a un autor é profundizar na súa obra, mergullarse no seu legado para poder atanguer a súa traxectoria vital. No caso de Suso, que musicalizou un bo número de poetas, esta tarefa de descubrimento convértese nunha sorte de boneca rusa: é preciso mergullarse nos seus mergullos, ir espindo inquedanzas para entender ao home, ir destapando poetas para aprehender ao xogar. Dime a quen cantas e te direi quen es.

Mergullou Suso por un mar de voces ceibes, de peixes brancos e azuis. Soltou o pentagrama como quen solta un palangre de corcheas para pescar sempre a letra necesaria, unha letra directa e vertical, sen espiñas, sen metáforas baleiras. Voces como a de Celso Emilio, como a de Manuel Rodríguez López, como a de Curros e Cabanillas ou como a de Blanco Torres bateron indómitas nas súas redes. Tamén voces chairegas como as de Manuel María ou Darío Xohán Cabana. Conviñamos en que a coral escollida é reveladora. Se queres coñecer a un home non fites pra el, escóitao. Suso é o que canta, e cando o escoito atópome de novo con verbas que me agradan: compromiso, loita, persistencia, liberdade. O Suso quebrou máis liras do que cantou ás froles, sen dúbida. ¿Con qué liras pregades que eu cante cando todas están desacordes? O legado da obra traza ben a traxectoria do home, un percorrido de loita constante e honesta, un canto rudo e sinceiro, un himno chá de terra, de xente, de luz. Concluamos: O Suso non rosma laídos, pon os dedos na chaga.

Co exército de voces recrutado, so cómpre dotalo de forza. O Suso sube a escena e canta. Sabe a súa función, aprendeuna e aceptouna dende a longa noite dos tempos. Compoñer o son e darllo ao pobo. Cortar o pan e repartilo. Guitarra e voz. Pan e navalla. Mais nada. Sen alardes sinfónicos, sen retóricas baldías. A

maxia está en confundir as formas, en fusionar obxectos. O Suso aguza as cordas como quen aguza seis coitelos. Apunta e dispara coa forza da palabra enrabetada: contra o sino caciqueiro que che atenaza a ialma, contra unha paz de pau e tenteteso, contra as olladas torvas e os homes cativos, contra as igrexas que rouban carballeiras, contra os Pacos Pixiñas e os condes de Fenosa... Namentres, a caste dos celtas esperta axiña porque a canción xa é protesta e a protesta faise canción. Velaí a maxia: o pobo canta... a ritmo de navalla.

Destapando poetas chegamos ao home, destapando ao home chegamos ao neno. E o neno decatouse de que non podía cantar so para os homes, porque as guitarras, coma os versos, tamén poden cargarse de futuro. Nun xogo fraternal o poeta chairego colleu a navalla e partiu un feixe de soños na gaiola. O poeta convidou ao xograr e o xograr cantou para os nenos. Manuel María na voz de Suso Vaamonde. Eu abro esta gaiola e, unha vez máis, descubro palabras que me agradan: lingua, xogo, galicia, tenrura, natureza. As palabras dos galegos. Os nenos apréndenas, cántanas, e porque as cantan non pinchan os ollos dos paxaros para velos topar contra o valado. Os nenos medran e non son "daquiles". O xogo fraternal fronte ao xogo ruín.

Dime a quen cantas e te direi quen es. O Suso foi xograr de homes e de nenos, de loita e de inocencia, de impulso e de irmandade. Foi a canción protesta na voz de Celso Emilio e foi a canción infantil na voz de Manuel María. Abofé que foi outras moitas cousas, pero xa non seguirei destapando matrioskas. Detéñome nesta dualidade, nesta guitarra de dobre fío. Detéñome nesta navalla que hoxe interpreto cunha mirada poética. Porque non concibo un agasallo máis axeitado para Suso. De seguro que as súas mans saberán darlle o uso que merece, como souberon riscar sempre as cordas da esperanza. Saberán erguela como fouce na eira esquecida; saberán deitala pra compartir o pan entre os irmáns. E saberán facelo coa simpleza irredutíbel dun vello cuco souril. Guitarra e voz. Pan e navalla. Mais nada.

Escrito por Gael Vaamonde.

Leído por Senén Vaamonde. 8/9/2014 en Outeiro de Rei (Lugo)